



educadores y educadoras
para una ciudadanía global
educadors i educadores
per a una ciutadania global
educadores e educadoras
para unha cidadanía global
hiritartasun globalerako
hezitzaileak

A educación é unha estratexia imprescindible para impulsar un modelo social, político e económico respectuoso con todas as persoas, en que a cidadanía sexamos conscientes da nosa pertenza a unha comunidade local e global e nos comprometamos activamente na construción dun mundo máis xusto e sustentábel.

Os e as educadoras somos axentes de mudanza que podemos impulsar esta transformación social nas nosas aulas, nos nosos centros e no noso ambiente. Desde a **Rede de educadores e educadoras para unha cidadanía global**, apostamos nos centros educativos transformadores onde se xeran procesos innovadores que transcenden a visión puramente instrumental da educación.



EDUCAR PARA UNHA CIDADANÍA GLOBAL



INFÓRMATE DO QUE FACEMOS E PARTICIPA:



Sedes Territoriais:

A Coruña: 981.21.33.63
Barcelona: 93.482.07.00
Bilbao: 94.416.00.00
Madrid: 91.548.04.58

Pamplona: 948.261.603
Sevilla: 95.421.20.20
Valencia: 96.352.41.93
Zaragoza: 976.22.05.22



educacion@oxfamintermon.org



Rede de educadores
e educadoras para
unha cidadanía global:
CiudadaniaGlobal.org



Movemento
pola educación
transformadora e pola
cidadanía global:
EducacionTransformadora
Global.org/gl



Oxfam Intermón:
OxfamIntermon.org



Facebook: Educar para
una ciudadanía global



Inscríbete no noso
boletín de noticias:
OxfamIntermon.org/
educar/formulario

Fomentar o respecto e a valorización da **diversidade** como fonte de enriquecemento humano, a **consciencia ambiental** e o **consumo responsable**, o respecto polos **dereitos humanos** individuais e sociais, a igualdade de **xénero**, a valorización do **diálogo** como ferramenta para a resolución pacífica dos conflitos e a **participación** democrática, a **corresponsabilidade** e o **compromiso** na construción dunha **sociedade xusta, equitativa e solidaria**.

DESIGUALDADE

En España, 22,3% da poboación presenta niveis de renda que a sitúan por baixo do limiar da pobreza. A pobreza ten múltiples causas, como o desemprego, os baixos salarios, a debilidade das políticas públicas e a desigualdade. De feito, España ocupa o terceiro lugar entre os países máis desiguais da Europa (despois da Romanía e da Bulgaria).

O sistema fiscal español contribúe para xerar esta desigualdade, deixando nas mans das familias 83% da recadación fiscal, e sendo un dos sistemas fiscais con peor capacidade de redistribución de toda a Unión Europea, tanto na distribución dos impostos como no baixo investimento en gasto social (datos de 2016).

No nivel mundial, o sistema económico imperante está ao servizo de 1% das persoas máis ricas do mundo, que acumulan máis riqueza que todo o resto da Humanidade. Este nivel de desigualdade é inaceptábel e é necesaria unha economía global máis humana e máis xusta.

Na web encontrarás relatos, campañas e outros recursos sobre este tema:

oxfamintermon.org/desigualdad



PARA
INFANTIL,
PRIMARIA E
SECUNDARIA

CANDO OS DEREITOS SE FRUSTRAN

QUE SON OS DEREITOS SOCIAIS? TODAS LAS PERSONAS PODEMOS ACCEDER? DE QUEN DEPENDEN? COMO SE DEFENDEN?



Estas son algunhas das cuestións que os e as participantes na próxima edición da proposta educativa online Conectando mundos se formularán a través de diversas **actividades de reflexión, investigación e debate**, pechando a actividade coa elaboración de propostas concretas de participación cidadá para a defensa dos dereitos sociais.

Conectando mundos é unha proposta de **12 semanas de actividade cooperativa na aula e de intercambio** con estudantes de diferentes realidades sociais, culturais e xeográficas, con quen se interactúa a través dunha plataforma de comunicación online en oito idiomas.

Nesta edición, contaremos cunha **guía de Aprendizaxe e Servizo (APS)** para que os centros educativos que o desexen poidan ampliar a actividade cunha intervención no seu contorno.

INSCRICIÓN

A PARTIR DO 1 DE XULLO 2018 ATÉ O 11 DE XANEIRO 2019

MÓDULO PARA O PROFESORADO

Do 1 de decembro de 2018 ao 11 de xaneiro 2019

- Visualización da proposta didáctica
- Guías didácticas, guía APS e recursos complementarios
- Foro profesorado e resolución de dúbidas

ACTIVIDADE PARA O ALUMNADO

Do 14 de xaneiro ao 7 de abril de 2019

- Proposta didáctica para cada ciclo
- Ferramentas de comunicación

www.conectandomundos.org



www.kaidara.org

Web de recursos, experiencias educativas, libros e artigos de descarga gratuíta. Todos os materiais para a aula están dispoñíbeis en castelán, catalán, vasco e galego.

PRIMARIA E SECUNDARIA



Colección de propostas didácticas, cada número consta dun caderno para estudantes e unha guía para o profesorado con recursos de ampliación.

Equidade de xénero



Migración e refuxio



www.kaidara.org/gl/kaleidoskopio

SECUNDARIA



Colección para secundaria que aborda temas de actualidade desde a súa abordaxe global-local. Cada número conta cun dossier informativo sobre a temática e cun caderno de actividades.

Dereitos sociais

Consumo responsable – alimentos

Fiscalidade (en outubro)



www.kaidara.org/gl/globalexpress

SECUNDARIA

EXPERIENCIAS EDUCATIVAS



Artigos sobre prácticas educativas levadas a cabo polas persoas que fan parte da Rede de educadores e educadoras para unha cidadanía global.

www.kaidara.org/gl/experienciaeducativa

COLECCIÓN CIDADANÍA GLOBAL



Libros para profundar nos fundamentos da educación para a cidadanía global.

www.kaidara.org/gl/ciudadaniaglobal